

EFEGA instala desfibriladores a bordo de buques de pesca de la flota gallega

Está medida pionera en España, permitiría salvar la vida a cualquier miembro de la tripulación en caso de paro cardíaco repentino en alta mar.



Oscar Graña, responsable de formación de EFEGA, supervisando un ejercicio de simulación a bordo do buque Golden Chicha.

22/12/2017 EFEGA, en colaboración coa empresa BexenCardio, único fabricante nacional de desfibriladores e pertencente a Mondragon Corporation, procedeu a instalar desfibriladores semiautomáticos a bordo de buques de pesca e a formar á súa tripulación no seu uso. Esta medida pioneira en España realizouse en colaboración cunha empresa armadora adicada á explotación pesqueira asociada á Cooperativa de Armadores do Porto de Vigo (ARVI).

O acto de presentación ao que acudiron representantes de organizacións sindicais, membros da cooperativa de armadores e numerosos medios de comunicación consistiu nun simulacro de actuación de parada cardíaca repentina dun membro da tripulación coa utilización dun desfibrilador semiautomático de última xeración.

o exercicio de simulación realizouse durante á mañá de onte no porto de Vigo a bordo do buque “Golden Chicha” da empresa Chymar Golden Touza e baixo a atenta mirada dos inspectores da “Maritime & Coastguard Agency” do goberno británico, os cales destacaron a importancia de contar con desfibriladores a bordo de todos os buques de pesca da flota que faena no calacaladoirodero de Malvinas

Oscar Graña, responsable de formación da empresa BexenCardio, explicou que todas as sociedades científicas coinciden na necesidade dunha pronta desfibrilación en combinación cunha masaxe cardíaca de calidade como único método para salvar a vida dunha persoa ante unha parada cardíaca.